



Santiago de Compostela,

Estimada/o compañeira/o,

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública e do Servizo Galego de Saúde, porá en marcha o día 14 de outubro a Campaña anual de vacinación antigripal.

Dado que esta non rematará ata o 27 de decembro, queremos solicitarche a túa colaboración para fomentar a vacinación da poboación a quen vai dirixida: persoas de 60 ou máis anos e menores desa idade incluídos nos grupos de risco, co obxectivo de diminuír o número e a gravidade das complicacións derivadas do padecemento da gripe, tentando minimizar o impacto na saúde mediante a súa prevención.

Por este motivo, informámosche tamén de que a Consellería de Sanidade pon a túa disposición a páxina web temática de gripe, dispoñible na seguinte ligazón: <https://gripe.sergas.gal/>, que constitúe o portal de información para a sociedade e os profesionais sanitarios e onde poderá atoparse toda a información da campaña.

Nesta campaña contaremos con 3 tipos de vacinas:

- unha trivalente adxuvada, que ten unha maior inmunoxenicidade, que se usará en todas as persoas de 65 ou máis anos.
- unha vacina tetravalente cultivada en liñas celulares que se destinará a aquelas persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 64 anos;
- e outra, tamén tetravalente, pero cultivada en ovos, para o resto da poboación.

O esforzo que se leve a cabo para iniciar ou consolidar actividades que capten á poboación na que está indicada a vacinación suporá a protección dun maior número das persoas en risco.

Sen máis, agradecerlle de antemán a súa inestimable colaboración que, sen ningunha dúbida, contribuirá a aumentar o nivel de saúde da nosa poboación.

Un cordial saúdo,

Andrés Paz-Ares Rodríguez  
Director xeral de Saúde Pública

